

Prazo para a presentación das solicitudes

- Inicio: 1 de febreiro de 2016.
- Fin: 1 de marzo de 2016
- Só se admite a presentación electrónica e a solicitudes serán realizadas a través de entidades colaboradoras.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas de dereito privado, propietarios ou titulares de calquera dereito sobre inmobles de dereito residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realice en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupación de persoas físicas, privadas sen personalidade.

Intensidade de axudas e contías máximas

A contía máxima de axuda será calculada en función da potencia instalada e do tipo de instalación, cos seguintes límites adicionais por proxecto:

- A intensidade máxima da axuda será do 50%
- A contía máxima da axuda por proxecto será de 50.000 €
- A contía máxima por entidade colaboradora será de 120.000 € e o número máximo de proxectos subvencionados 30.

Prazo de xustificación

O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 30 de setembro de 2016.